



Concello de Vigo-Secretaría Xeral

JOSÉ RIESGO BOLUDA, SECRETARIO DA COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE CONTAS,

CERTIFICO:

Que a Comisión Informativa Especial de Contas, na sesión especial de 22 de maio de 2019, ditaminou a seguinte proposta:

ÚNICO.- DITAME DA CONTA XERAL DO CONCELLO DE VIGO E DO ORGANISMO AUTÓNOMO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO, CORRESPONDENTE AO ANO 2018. EXPTE. 108/143

Con seis votos a favor (G.M. Socialista) e tres abstencións (G.M. de Marea de Vigo e G.M. do Partido Popular), ditaminase favorablemente a seguinte proposta:

- a) Traspasar a resultados pendentes de aplicación, o saldo debedor ou acredor en cada caso da conta 129 (Resultados do exercicio 2017), correspondente á Entidade Local e Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, á conta 120 (Resultados de Exercicios anteriores).
- b) Aprobar a dotación de amortizacións na entidade por unha contía de 6.551.929,08 euros e 6.732.235,26 euros nos estados consolidados.
- c) En aplicación do previsto na Base 54^a das de Execución do Orzamento, aprobar a dotación a saldos de dereitos de difícil recadación por unha contía de 54.835.913,361 euros na Entidade é 56.430.802,75 euros para os estados consolidados.
- d) Aprobar a Reclasificación da débeda en relación coa liquidación negativa da cesión de tributos e FCF dos anos 2008/2009 de longo prazo a curto prazo polas compensacións que corresponden ao ano 2019.
- e) Ditaminar inicialmente a Conta Xeral do Excmo. Concello de Vigo, integrada pola Conta da Entidade e a do seu Organismo Autónomo, Xerencia Municipal de Urbanismo correspondente ao ano 2018, composta polos seguintes estados e contas anuais:
 - Balances.



- Contas de resultados económico-patrimoniais.
 - Estado de cambios no Patrimonio Neto.
 - Estado de fluxos de efectivo.
 - Estado de liquidación do Orzamento e a Memoria e demais estados complementarios.
 - Memoria, coa desagregación que establece Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local e coas explicacións e comentarios máis salientables dos feitos contables, financeiros e patrimoniais que aconteceron ao longo do ano 2018.
- f) Unha vez ditaminada, someter a mesma aos requisitos de publicidade e demais trámites que esixe o art. 212.3, e 4 do TRLRFL e a Lei galega.

De non presentarse reclamación algunha perante o período de exposición, polo Sr. Secretario da Comisión, previa certificación que acredite o anterior, se remitirá á Secretaría do Pleno todo o expediente para a súa inclusión na orde do día do Pleno para a súa aprobación, e posterior remisión ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas de Galicia antes do 15 de outubro, data prevista no artigo 223 do TRLRFL. De terse recibido reclamación durante o prazo establecido, se informarán, e a Comisión Especial de Contas, formulará proposta ao Pleno da Corporación para a súa aprobación antes do día 1 de outubro.

A remisión ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas de Galicia, farase tendo en conta a Resolución do 30 de marzo de 2007, da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se fai público o Acordo do Pleno de 29 de marzo de 2007, que aproba a Instrución que regula o formato da Conta Xeral das Entidades Locais para a súa remisión por procedementos telemáticos para a rendición das contas, coas modificacións introducidas polas polos Acordos do Pleno do Tribunal de: 30 de xuño de 2009, 20 de xullo de 2010, 3 de maio de 2011, 26 de novembro de 2015, 31 de maio de 2016, 31 de marzo de 2017, así como o Convenio asinado entre o Tribunal de Contas e o Consello de Contas para a implantación de medidas de coordinación da rendición telemática das contas xerais das Entidades Locais.

E para que conste, a efectos da súa inclusión na orde do día do Pleno da Corporación, expido a presente en Vigo, á data de sinatura dixital.

